

Dolores García Cochón

PONTEVEDRA, 1932-2019

Dolores García, *Lita*, como adoitaban chamala os seus, era unha voz imprescindíbel no relato da memoria por dobre motivo. Ser a viúva de Isidro Paz, un dos fillos do impresor Ramiro Paz fusilado o 12 de novembro do 36 en Pontevedra, e ser a filla de Ángel García Arosa, Angelito Arosa, coñecido construtor da cidade que nos tempos máis duros da posguerra prestou axuda entre outros a Jesús González González, o *Suma*, desaparecido o 14 de agosto de 1948 cando tentaba fuxir do país para evitar a persecución policial que, en máis dunha ocasión, o levará á cadea polas súas ideas esquerdistas.

Ángel Arosa foi a última persoa da súa controna que o viu con vida. Daquela, a súa familia xa vivía na rúa Peregrina, no edificio onde o seu neto segue a rexentar na actualidade a librería Paz, e daquela noite gardaba a filla esta lembranza:

“O meu pai tiña amigos de todas as clases sociais, consultábanlle canto había, era unha persoa queridísima en Pontevedra (...) No verán levantábase ás seis da mañá para vixiar todas as obras antes de que chegaran os obreiros, e á noite xogaba a partida con amigos e sobre ás dez volvía á casa. Pero aquela noite, cando foi do Suma, pasaron as horas e o meu pai non chegaba. A miña nai espertoume e dixo que ía a Campolongo, que daquela o meu pai tiña alí o taller, porque de noite quedaba un capataz e ía ver se sabía algo”.

A ningunha das dúas contáralle Ángel os seus plans:



“A miña nai non sabía nada de que fose levar ao Suma. Penso eu que igual non nos dixo nada por se o descubrían e viñan onde nós, non sei... pero non dixo nada e desapareceu. A miña nai foi alá e volveu sen saber nada, pero á media hora ou así, chegou el e foi cando se soubo todo”.

Ángel Arosa non conducía. Tiña un chofer para os dous camións da empresa e segundo contou Elisa González, a filla do Suma, encheron un deles con ferralla e no medio agocharon o seu pai e levárono até Noia:

“Non sei exactamente onde recolleu ó meu pai ao Suma pero sei que o levou a Noia agochado entre a ferralla do camión. Daquela dicíase que había un barco que os levaba ao estranxeiro e que o afundiron”.

Non volveron ter noticias del pero Ángel Arosa continuou prestándolle axuda económica a súa muller, [Maruja Álvarez](#), que pasou apuros para sacar adiante a familia soa:

“Comproulle á muller o coche e mantívoo durante moitos anos aínda que non de taxi. Meteuno no seu almacén e alí estivo e como el tiña chofer de camiión supoño que o usaría cando lle facía falta ir a algún lado, non o sei. Recordo á muller de Suma vir á porta da nosa casa, a traerlle viño ao meu pai porque ela era do Ribeiro e dáballe viño de alá. Lembro aos fillos tamén. A maior era morena, parecida ao pai. E Elisa e o seu irmán eran parecidos á nai”.

Lita García lembraba a angustia que pasaron o día que o seu pai levou ao Suma a Noia:

“Estivemos intranquilas porque non era habitual en el estar fóra da casa. Logo souben iso, que o levara escondido entre cousas do camiión e que se o pescan aquela noite, van os dous, mátanos a el tamén”.

Non soubo nunca se o seu pai axudou algún perseguido máis a fuxir pero si tiña constancia de moitas familias coas que colaborou economicamente. Lembraba, por exemplo, un matrimonio ao que lle fixo unha casa preto do cemiterio de Salcedo sen cobrarlle nin un peso. Era tal a súa xenerosidade que mesmo lle custou algún que outro desgusto coa muller:

“Ás veces mesmo rifaba a miña nai con el por ser tan desprendido, porque andou sempre moi apurado de diñeiro, sobre todo a raíz de cando foi que fixo o Instituto de Sanidade. Por iso a min levábanme os demos cando lin que o ían tirar porque foi unha época tan terrible de carestía na nosa casa... Era unha obra enorme e tivo que empeñarse moitísimo, porque daquela non era como agora, o Estado pagaba cando lle ía ben. Nós temos que estar agradecidos aos señores de Riestra, que vivían enfronte, onde hoxe é a Formación Profesional, alí había unha casa señorial, unha finca enorme de dous Riestras que estaban solteiros e prestáronlle moitos cartos ao meu pai, que lles ía pagando como podía. Logo, en medio da obra morreu o arquitecto, Robustiano Cochón... houbo moitos problemas con ese edificio e ese edificio acabou co meu pai. Hai uns anos falouse de que o tiraban e a min despois de tanto problema, de velo tan angustiada, deume un desgusto grande pensar que o tiraban... Era eu quen lle pagaba aos obreiros os sábados, era eu quen facía as contas e sei o mal que o pasou daquela”.



Onde hoxe está a librería familiar estaba daquela a oficina do taller de Ángel Arosa e por aí, contaba a súa filla que pasou media cidade:

“Daba igual a clase social, el era amigo de todo o mundo. Morreu no ano 75 e aínda hai persoas que o lembran con moito cariño”.

Sobre a ideoloxía de Ángel Arosa, Lita dicía que era un home de esquerdas:

“Lembro que a miña nai dicía que o día que proclamaron a II República aquel home chegou a casa que non cabía nos pantalóns, estaba feliz. E recordo que unha vez, sendo eu pequena, díxolle ao meu pai:

-Angelito tes que mirar no faiado porque creo que debe haber ratos, que hai ruidos.

O meu pai abriu a trampiña e vexo un cadro enorme dun home con barbas... era Pablo Iglesias. O meu pai escondeuno cando triunfou o golpe de Estado”.

Aínda sendo de esquerdas, matizaba Lita, Ángel Arosa non se significou do xeito que por exemplo o fixo o seu sogro, o impresor Ramiro Paz Carbajal, fusilado o 12 de novembro de 1936 na Caeira xunto a outros nove republicanos. Casou co cuarto dos fillos, Isidro Paz, a quen coñeceu cando tiña 17 anos e el case vinte e tres:

“Coñecino porque Pontevedra era pequena... El acababa de vir do servizo pola Marina. Levábame cinco anos e medio. Era un rapaz guapo... guapísimo”.

Conta Lita que o seu home tiña dez anos cando lle mataron o pai, e á nai apenas a coñecera porque tiña dous anos cando morreu dunha enfermidade provocada a raíz do parto da súa quinta filla, Fina Paz Beloso. O seu pai volveu casar, con [Lola Lois Soto](#), que estaba embarazada do seu cuarto fillo, o noveno para el, cando os tiros na Caeira a deixaron viúva. A relación de Isidro con ela non foi boa e acabou marchando da casa:

“El era rebelde e segundo teño entendido estaba moi unido ao seu pai, levábanse moi ben e de repente acabouse todo, deixou de ir á escola porque como non se levaba ben coa segunda muller do seu pai, con Lola, marchou da casa e foi á casa dos avós maternos, onde xa vivía Ramiro, o seu irmán maior. Cando marchou pasarían dous anos coma moito desde que mataran ao seu pai, así que tería doce. Foi ao mar co avó e logo, aos dezasete, unha das súas irmás mediu e Cané volveu á casa de Lola”.

Cané era o alcume do seu home:

“Ao meu home todo o mundo lle chamaba Cané, puxérallo unha das irmás, a primeira filla que Lola tivo con Ramiro. El tiña moi boa relación cos seus irmáns. Os rapaces entre si tiveron boa relación sempre. Á nena era pequena e chamáballe Cané e Cané foi. Logo o meu fillo era Canito e de maior, xa Cano”.



Ademais de asasinar a Ramiro Paz, os fascistas incautáronlle os negocios familiares, incluída a imprenta que, co paso do tempo e a axuda dalgúns dos seus ex-empregados, Lola recuperaríase, deixándoa a cargo dos fillos de Ramiro. O maior deixou o traballo na Imprenta Peón e regresou ao negocio familiar, onde tamén se empregou Isidro uns anos até que decidiu marchar para América. Segundo a súa muller, non era un mal negocio:

“A imprenta traballaba ben, mesmo sendo ateos traballaban para os mercedarios de Poio, para os monxes, pero el marchou a América porque tiñan un tío, un irmán do pai que estaba en Arxentina e propúxolle marchar para alí. Logo volveuse atrás ao parecer... Pero el marchou igual. Ramiro tamén estivo en Brasil aínda que o primeiro que marchou foi Óscar, o irmán que ía entre Ramiro y Cané. Óscar marchou para Caracas e aínda está alí”.

Lita está convencida que a súa relación tivo moito que ver na decisión de Isidro de emigrar:

“Penso que Cané decidiu marchar porque quedou pobre e eu figuraba como rica. O meu pai era construtor e traballara moitísimo saíndo dunha casa corrente, e ao meu home debeulle parecer que había unha desigualdade e quixo chegar ao que el pensaba que era o meu nivel, quixo ofrecerme algo mellor...”

Coñecéranse nos paseos dominicais da rúa Oliva cando ela tiña dezasete anos:

“Coñecéramos na rúa da Oliva, paseando uns para adiante e outros para atrás, porque a rúa da Oliva era o paseo dominical. Cando o coñecín volveu con Lola á casa pero non tiñan imprenta e nese momento non traballaba. Eu tiña unha amiga moi amiga e coñecía a un amigo de Cané... O caso é que ese día non viñera o mozo da miña amiga e viñéronos acompañar eles dous. Cané púxose ao lado da miña amiga e o outro ao meu lado. Chegamos á rúa do Chocolate, que é onde hoxe é Odriozola, e sentámonos nuns bancos que había alí. O amigo ao meu lado, ao outro lado a miña amiga e logo el. Cruzáronse as miradas pero non pasou nada. Pasou o tempo e seguíronos a acompañar e empezou a cousa así. Foron once anos largos. Tiña 17 e casei con 28. Casamos no 61, el levaba seis anos en América”.

Cando marchou para América, Isidro foi falarlle a Ángel Arosa das intencións que tiña coa súa filla:

“O que lle dixo non o sei, pero o meu pai quíxolle sempre moi ben. A miña nai en cambio non lle facía graza a relación, posiblemente por ser dunha familia perseguida, non o sei”.

A nai de Lita procedía dunha familia de labradores ricos e cun nivel de benestar grande, ao contrario que Ángel Arosa, que fixera a súa fortuna a base de traballo:

“Pasou cos meus pais o que logo me pasou a min, de ser de diferente nivel económico, pero cos meus avós maternos non houbo dificultade, a miña avoa era estupenda. Os dous eran de Salcedo, da carreteira de Vigo.”



Alí naceu Lita, na Carballa, no ano 1932. A pesar de ser unha nena cando foi do golpe de Estado, as lembranzas daqueles días aparecen mesturadas nas tardes que pasaba cos seus irmáns na casa dos avós maternos :

“A casa tiña unha balconada de pedra e nós puñámonos a mirar os coches que pasaban e eu teño dentro de min... iso si que aínda que pasen oitenta anos se vivira non se me esquecerá nunca: o ver pasar as camionetas da Garda Civil para ir buscar a Figueirido os presos que mataban á noite. Cando ao atardecer empezaban a pasar, os avós dicían: ‘Nenos, pasade para dentro de casa...’ o medo era total... Ían nunhas camionetas grandes co teito plano e eu despois de moitos anos volvíñ ver un coche deses nunha viaxe que fixen ao Porto co meu home... Que impresión levei ao ver aquela camioneta”.

Marcharon a vivir ao centro de Pontevedra cando Lita tiña doce anos, en 1944. O seu pai, que era carpinteiro, comprou -para montar un taller- unha finca na rúa Peregrina que chegaba ata a actual rúa Castelao, que era onde tiñan a súa casa. Para entón, Lita xa levaba catro anos facendo en bicicleta, dúas veces ao día, o traxecto que separaba a súa casa da Carballa da escola:

“Vin para Pontevedra cando empecei a estudar, aos dez anos, que daquela era cando se facía o ingreso ao instituto aínda que eu fun a un colexio privado. En segundo estiven nas Calasancias e logo na Inmaculada. Ía e viña en bicicleta como o meu pai, que mentres viviamos alí ía e viña catro veces ao día, de noite e a mediodía. E o meu irmán e eu tamén”.

Estudou Maxisterio pero axiña abandonou o seu exercicio polo coidado da familia:

“Fixen o bacharelato, que eran sete anos e máis a reválida. Eu quería ir a estudar a Santiago Filosofía e Letras pero Cané era moi celoso e non me deixou: ou el ou Santiago... Ás veces as mulleres somos algo parviñas... Aquí estudei Maxisterio, na Normal, e cheguei a exercer cando el estaba en América, tres anos e medio, ata que casei. El estivo case seis anos alá. Estivemos sen vernos, escribíame e punto. Ata que casamos o catro de febreiro. El marchou en abril outra vez para alá e logo fun eu en avión o 1 de agosto. Non quero acordarme do que chorou meu pai. Un mes antes xa choraba. Eu tiña dous irmáns pero era a única muller, tiñamos un carácter parecido e só con mirarnos sabiamos o que pensaba un e o outro. Eu sempre adorei ao meu pai, sempre”

A experiencia de Lita na emigración foi curta pero non estivo exenta de complicacións:

“Marchei en agosto do 61 e quedei embarazada. A criatura, pouco antes de nacer púxose de nádegas, Cané asustouse e mandoume acá. Vin a últimos de xuño. Tiña que nacer a primeiros de agosto pero para o médico nunca era hora. O 25 de agosto fixéronme cesárea e a rapaza morreu ao nacer, tragara moita porcallada e morreu. Foi un pau tremendo para os dous. El veu despois duns meses, porque no parto estaba eu soa cos meus pais, e marchamos os dous para alí. Cando volvíñ quedar embarazada nin por asomo volvíñ. O meu fillo Cano naceu alá.”



Foi en cambio a chegada dos fillos a que provocou o regreso a España:

“Viñemos cando o neno tiña dous anos e tres meses porque Cané non quería que os nosos fillos crecieran alá. Pensou que logo era máis difícil volver, así que aproveitou que tiña uns cartos e volvemos”.

Dous dos fillos de Ramiro Paz, Isidro e máis Óscar, tiñan unha imprenta en Caracas. Óscar quedou para sempre alá pero o seu irmán e a súa cuñada regresaron a España a finais de maio do 66, coa idea de seguir co negocio aquí. Aí foi Lita a que se opuxo a máis imprenta:

“O meu home quería poñer unha imprenta ademais da librería e o defunto do meu pai axudábao, dáballe a parte de atrás do baixo onde tivera o taller, pero eu opúxenme radicalmente, aí si que me plantei porque sabía como era Cané e ía estar traballando de día, de noite e un pouco máis. Non é que a librería tivese un horario moi rixido porque mentres había xente estaba aberta, pero polo menos... non era como en Caracas coa imprenta que cando había moito traballo estaba alí todo o día, de noite e cando cadrara...”.

Inauguraron a librería no verán de 1967 e Lita tivo que traballar alí, moi ao seu pesar:

“Eu prefería que el traballase no que quixese e eu seguir coa escola, seguir dando clase, pero coa escola e a librería habería que ter outra persoa na casa e era complicado, así que renunciei a ser mestra e traballei sempre na librería”.

A familia de Isidro Paz participa cada ano nos actos que fai o Concello de Pontevedra para manter a memoria das vítimas da barbarie. Aquel 12 de novembro de 1936, cando Lita era unha cativa, quedaron marcadas dúas familias que se ían cruzar no seu futuro: A do seu marido e a de Germán Adrio. A viúva de Germán Adrio, Rita Sobrido, puxo un taller de costura para saír adiante e con 14 anos, Lita foi alí aprender a coser. Co tempo coincidiría coa súas cuñadas, Fina e Pura Paz. E casualidades da vida, a filla de Germán, [Nieves Adrio](#), acabou vivindo nunha casa na que tamén vivira Lita:

“Fun moitos anos alá (*ao taller de costura de Rita*). A min Solita (*a filla pequena dos Adrio, que tiña unha discapacidade*), chamábame Pichopa. Non falaba e a cada un de nós tiñanos un nome. Rita tiña o seu xenio pero era moi boa, e o meu pai acabou arraxándolle a casa sen cobrarlle. El sempre fixo moito ben...”

Houbo unha terceira familia marcada pola barbarie que asolou Pontevedra a partir do 18 de xullo de 1936, que foi moi importante na vida de Lita Arosa: a de Emilio Dios Vázquez, asasinado o 6 de setembro dese primeiro ano.

“A miña mellor amiga, a que ía comigo cando coñecín a Cané, chamábase Maruchi Dios . Eramos amigas dende as Calasancias, ela tiña moitas irmás, eu ningunha e para min era como se foramos irmás. Eu fun unha rapaciña moito daquela casa. Fun moito, moito daquela casa porque xa os nosos pais eran moi amigos. Ela era da familia dos de Ferreiro do Pino e matáronlle ao irmán maior, a Milucho. Era un



rapaz de vinte e poucos anos e paseárono, non como ao pai de Cané que tivo xuízo. E ás dúas irmás maiores, [Fina](#) e [Tucha](#), que eran mestras, destituíronas”.

A viúva de Isidro Paz cre que o seu home nunca chegou superar a dor que lle provocara aquel 12 de novembro. E lembra especialmente a loita que mantivo durante toda a vida para que no certificado de defunción do seu pai aparecese como causa da morte o asasinato e non unha “hemorraxia interna”:

“El loitou moito para que aparecera como fusilado. O seu pai estivera preso en San Simón e antes, no cárcere onde é hoxe a Audiencia. Cané foi velo alí. Eu penso que viviu toda a súa vida amargado, toda a vida... marcouno para sempre. Eu creo que non puido ser enteiramente feliz nunca por culpa diso. Nunca superou o fusilamento do seu pai (...)Ideoloxicamente, penso que Cané era aínda máis de esquerdas que o seu pai. Eu ao pai non o coñecín pero Cané era máis comunista que socialista aínda que daquela o que pensabas tiñas que gardalo dentro”.

Houbo silencios que Isidro mantivo pero non no tocante ao seu pai, con que mantivera unha relación moi especial:

“Os nosos fillos, en canto tiveron uso de razón, souberon o que pasara pero tampouco lle contou a súa vida anterior, a de rapaz, iso contábamo a min. A relación co seu pai era moi boa. Daquela era rarísimo o rapaz que tiña unha bicicleta e el tiña. Logo Cané tamén foi moi niñoiro e moi caseiro cos nosos fillos. Antes de que morrera o seu pai vivían ben pero logo tivo que deixar de ir á escola. Non era que lle custara cartos senón que marchou onde os avós e foi un desarraigo total”.

As balas que asasinaron ao seu pai marcaron tamén para sempre a vida de Isidro Paz.